a2. Ademais, realizaranse varias actividades avaliáveis relacionadas coa PRÁCTICAS CO APOIO DAS TIC (consiste en unha ou en varias probas de contido maiormente práctico, e supón un 10% da nota total; trátase da materia denominada "NÓMINA" que é unha parte do tema 4, "Procesos e técnicas de Compensación e Retribución")

a3. E finalmente realizarase o ESTUDO DE CASOS. Trátase das "prácticas xerais" desenroladas o longo das clases prácticas, cuxo contido é referente a toda a materia do curso (excepto a parte denominada "NÓMINA"), e que a suma de todas elas supón ate un 30% da nota total.

b. O alumnado que sexa avaliado no réxime de avaliación continua terá a posibilidade de superar a materia e de obter o 100% da nota. Superarase a materia sempre e cando a suma ponderada dos resultados de tódalas probas/actividades efectuadas ó longo do período lectivo sexa maior ou igual a 5 puntos sobre 10. Mais é preciso superar tamén cada un dos tres tipos de avaliacións descritos (e dicir, obter en cada unha das catro probas unha nota igual ou maior que a metade da máxima que aporte dita proba; no caso de non obter en algúnha delas esa metade, terá que presentarse a proba final só coa parte non superada).

c. É obrigatoria a asistencia ás clases nas que este programada unha proba/actividade avaliábel. Non se poderá entregar unha proba no caso de non haber asistido á clase. A programación das probas/actividades avaliáveis estará a disposición do alumnado no MooVi da materia.

d. Se a/o alumna/o por causas xustificadas (véxanse no regulamento do estudantado) non puidera realizar algunha das probas/actividades avaliáveis deberá poñerse en contacto co profesorado responsable de dita actividade coa maior brevidade e de ser posible con anterioridade á súa data de celebración, acreditando de forma documental a causa xustificada e para establecer unha nova data.

e. As probas/actividades avaliáveis non realizadas contarán como cero (0).

f. Para obtelo aprobado na parte das "Prácticas xerais" (ESTUDO DE CASOS) é imprescindible haber entregado a lo menos o 80% das mesmas.

g. Considerarase que o alumnado se ten presentado á avaliación continua cando se teña presentado a algunha das probas/actividades de avaliación desta modalidade.

h. A concreción das actividades de avaliación continua a realizar dependerá en gran medida do número de estudantes, así como da dispoñibilidade de medios.

i. As actividades de avaliación continua só se poderán entregar nas datas e sesións establecidas ó efecto, debendo cada estudante asistir ó grupo que teña asignado para a realización das mesmas. O cambio de grupo neste caso deberá ser autorizado polo profesorado.

j. Recoméndase que o alumnado asista ás clases con regularidade, e ás titorías cando o precisen e se impliquen activamente no seu proceso de aprendizaxe. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MooVi e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas/actividades de avaliación. O sistema de concertación de titorías figurará no MooVi da materia.

k. Se o/a estudante non supera a materia por avaliación continua, este/a poderá presentarse ó exame de avaliación global da convocatoria ordinaria, que terá lugar na data oficial establecida polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, cunha puntuación máxima de 10 puntos. O exame constará das mesmas catro partes descritas para a AC. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10, e ademáis obter un aprobado en cada unha das catro partes da materia (dous de teoría e dous de práctica). Nesta proba terá que superar aquelas probas que non teña superadas durante a AC.

l. Na convocatoria extraordinaria ou segunda oportunidade realizarase un exame final que terá lugar na data e hora establecidas polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, cunha puntuación máxima de 10 puntos. O exame constará das mesmas catro partes descritas para a AC. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10, e ademáis obter un aprobado en cada unha das catro partes da materia (dous de teoría e dous de práctica). Dito exame versará sobre a totalidade da materia. No mesmo co caso anterior, nesta proba terá que superar aquelas probas que non teña superadas durante a AC.

Proba de Avaliación Global (AG)

a. Tanto na primeira oportunidade (convocatoria do 2º cuatrimestre) como na segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo), e na convocatoria de fin de carreira o alumnado será avaliado cun exame final a realizar na data e hora establecidas polo Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, cunha puntuación máxima de 10 puntos. O exame constará das mesmas catro partes descritas para a AC. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10, e ademáis obter un aprobado en cada unha das catro partes da materia (dous de teoría e dous de práctica). Dito exame versará sobre a totalidade da materia.

b. Recoméndase que o alumnado que opte polo exame de avaliación global asista ás clases con regularidade, e ás titorías cando o precisen e se impliquen activamente no seu proceso de aprendizaxe. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MooVi e estar ó tanto das datas de realización das probas de avaliación global. O sistema de concertación de titorías figurará no MooVi da materia.

c. As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para o curso 2023/24. Consulten a páxina web da facultade, por se hai cambios.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como "non presentados".

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS

1. Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tablets ou similares nas sesións de traballo. Estes deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesorado.

2. Os teléfonos móbiles deben estar pechados na realización das probas e o alumnado non debe ter consigo reloxos e demais dispositivos intelixentes na realización das mesmas, agás autorización expresa do profesorado.

3. Non está permitido comer nin beber (agás auga) na clase.

4. É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento (tales como manual, apuntes, enunciado da práctica, entre outros).

5. O plaxio total ou parcial nas actividades entregadas levará a invalidación das mesmas.

6. Para a realización dos exames só se permite o material indicado polo profesorado.

7. O/a alumno/a deberá presentarse ao exame debidamente identificado, co D.N.I., pasaporte ou carné de conducir, non sendo válido outro documento.

8. Tódolos exames e probas puntuables deberán ser entregados a súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacados fora da aula, nin fotografiados nin gravados polo alumnado.

9. A revisión de exames terá lugar só no horario e lugar establecido polo profesorado.

10. No caso das actividades docentes que se leven a cabo por medios telemáticos véxase <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

No caso de incumprimento das normas anteriores, o profesorado poderá adoptar as medidas que estime oportunas.

ATENCIÓN A TREVÉS DE TITORÍAS:

Ante calquera dúbida referente a materia o alumnado poderá consultar os docentes, ben de maneira directa nas sesións presenciais, ben a través da solicitude dunha tutoría (poderanse solicitar a medida das necesidades do alumnado, concertándose ben a través de Moovi, de mail ou a petición presencial; e desenrolaranse de maneira presencial o telemática, segundo as posibilidades do alumnado e o docente)

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

LEAL, A., ALFARO DE PRADO, A., RODRÍGUEZ, L. e ROMÁN, M, **El Factor Humano en las Relaciones Laborales**, Pirámide, 1999

DE LA CALLE, M.C. e ORTIZ DE URBINA, M., **Fundamentos de Recursos Humanos**, 2, Prentice Hall, 2013

DOLAN, S., VALLE, R., JACKSON, S e SCHULER, R.S., **La Gestión de los Recursos Humanos**, McGraw Hill, 2007

FERRER LOPEZ, M.A., **Como confeccionar nóminas y seguros sociales 2020**, 30, Deusto, 2020

Complementary Bibliography

ODE, **Estudio de retribuciones**, ODE, 2015

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Auditoría laboral/V08G211V01909

Subjects that it is recommended to have taken before

Socioloxía: Introducción á socioloxía das relacións laborais/V08G211V01103

Psicoloxía do traballo/V08G211V01304

Dereito do traballo II/V08G211V01403

Recursos humanos I/V08G211V01405

Dereito do traballo I/V08G211V01302

Socioloxía do traballo/V08G211V01305

Other comments

A materia de auditoría sociolaboral, asignatura optativa de 4º curso continua o temario de Recursos Humanos I y II.

Esta guía anticipa as liñas de actuación que se deben levar co alumno na materia e se concibe de forma flexible. En consecuencia pódense requirir reaxustes ou comentarios adicionais ó longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase, e/ou do grupo de destinatarios e/ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Neste caso aportarase ó alumnado a información e as pautas concertas que o profesor/a estime necesarias.

IDENTIFYING DATA				
Dereito financeiro e tributario I				
Subject	Dereito financeiro e tributario I			
Code	V08G211V01504			
Study programme	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Department	Dereito público especial			
Coordinator	García Freiría, Mónica			
Lecturers	García Freiría, Mónica			
E-mail	mogarcia@uvigo.es			
Web				
General description	"Dereito Financeiro e Tributario I" é unha materia do primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos que ten por finalidade o estudo da ordenación xurídica dos ingresos e gastos públicos, así como das relacións xurídicas que xorden entre a Administración e os particulares. A materia obxecto de estudo estrutúrase en cinco grandes apartados. O primeiro apartado serve de introdución ao estudo do Dereito Financeiro, destacando a análise das fontes desta rama xurídica e do poder financeiro nos tres niveles de Facenda (Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais). Un segundo apartado dedícase aos aspectos xurídicos da actividade financeira (ingresos e gastos públicos). Nel prestarase especial atención ao Dereito orzamentario e as subvencións. Os tres últimos apartados correspóndense coa denominada "Parte Xeral" do Dereito Tributario, a cal -á súa vez- enfróntase por separado ao estudo do tributo e a obriga tributaria, á aplicación dos tributos e, finalmente, á revisión dos actos administrativos tributarios, contidos todos eles cuxo coñecemento resulta imprescindible antes de abordar a "Parte especial" do Dereito Tributario ("Dereito Financeiro e Tributario II"), que completa a formación do alumnado no que incumbe ás materias obrigatorias de Dereito Financeiro.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Code	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidad para buscar, analizar y sintetizar información para construir argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidad para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidad para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
C5	Conocer los elementos esenciales de los tributos y los procedimientos de aplicación, así como las reglas relativas a la elaboración, aprobación y ejecución del gasto público. En particular, las normas relativas al régimen jurídico-financiero de las subvenciones

Resultados previstos na materia			
Expected results from this subject		Training and Learning Results	
Se trata de coñecer o réxime xurídico do poder financeiro do Estado e do resto das Administracións Públicas territoriais, de xeito que se poidan coñecer o sistema tributario e financeiro do Estado español, así como coñecer as normas xurídicas xerais que establecen os elementos esenciais dos tributos, as súas categorías e tipoloxías e os procedementos tributarios.	A4	B1	C5
	A5	B2	
		B3	

Contidos
Topic

Primeira Parte: Introducción ao estudo do Dereito Financeiro e Tributario.	1. Concepto e contido. 2. Principios de xustiza financeira. 3. Fontes do Dereito Financeiro e Tributario. 4. Poder Financeiro. 5. A aplicación e interpretación das normas financeiras.
Segunda Parte: Ingresos e gastos públicos. Subvencións.	1. O obxecto da actividade financeira. Aspectos xurídicos. 2. Os ingresos públicos. 3. Os gastos públicos. Dereito Orzamentario. 4. As subvencións.
Terceira Parte: O tributo e os seus elementos esenciais.	1. O tributo e a obrigaón tributaria. 2. Concepto e clases de tributo. 3. Obrigados tributarios. 4. Cuantificación. 5. Extinción. 6. Garantías da débeda tributaria.
Cuarta Parte: Os procedementos de aplicación dos tributos.	1. Principios xerais. 2. Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios. 3. O procedemento de Xestión. 4. O procedemento de Inspección. 5. O procedemento de Recadación.
Quinta Parte: Os procedementos de revisión dos tributos.	1. Os procedementos especiais de revisión. 2. O recurso de reposición. 3. As reclamacións económico-administrativas.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	35	55	90
Seminario	15	30	45
Aprendizaxe-servizo	0	10	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Aprendizaxe-servizo	Os alumnos poderá participar voluntariamente en actividades *tutorizadas de aprendizaxe-servizo

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de *tutorización poderán realizarse por medios *telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Seminario	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de *tutorización poderán realizarse por medios *telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Aprendizaxe-servizo	Os alumnos que opten por este sistema contará coa implicación do profesorado para alcanzar con éxito o obxectivo proposto.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita, que se realizará unha vez superada a metade do cuadrimestre	40	A4 B1 C5 A5 B2 B3

Observación sistemática	O profesorado, a través das diferentes actividades que propoña ao alumnado que se someta a avaliación continua (casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, tarefa colaborativa na aula, participación no sistema de Aprendizaxe-Servicio, etc.), valorará a participación activa e calidade das intervencións deste tanto nas clases maxistras como, sobre todo, nos seminarios. A participación activa e de calidade do alumnado que se somete a avaliación continua representará o 20% da súa cualificación final. Ademais, o alumnado que voluntariamente participe en actividades de aprendizaxe-servizo, no marco da avaliación continua, será avaliado a través dun ditame da actividade entregado antes da realización da proba final cunha calificación que se integrará dentro do 20% da nota reservada á asistencia e á participación.	20	A4 A5	B1 B2 B3	C5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita, que se realizará na data oficial do exame final da primeira oportunidade de exame	40	A4 A5	B1 B2 B3	C5

Other comments on the Evaluation

O temario que aparece no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que se examinarán.

De forma oportuna, ao comezo do curso, facilitarase ao alumnado un programa máis detallado cos epígrafes que compoñen cada lección.

Segundo o establecido no Regulamento de avaliación, cualificación e calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado (aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo o 18 de abril de 2023), o/a alumno/a deberá manifestar a súa intención de non beneficiarse do sistema de avaliación continua segundo o procedemento e na data que establezan os órganos competentes do Centro. No caso de que o Centro non determine unha data concreta, indicaráo o profesorado o primeiro día de clase.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1ª E 2ª EDICIÓN DE ACTAS

1.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado/a conforme aos seguintes criterios **NA PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:**

1º) Proba escrita, que se realizará unha vez superada a metade do cuadrimestre (40% do valor total da cualificación final).

2º) Proba escrita, que se realizará na data oficial do exame final da primeira oportunidade de exame (40% do valor total da cualificación final).

3º) Asistencia regular, participación activa na clase e asistencia a outras posibles actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario (20% do valor total da cualificación final). Para os efectos de poder realizar esta última avaliación controlárase a asistencia á clase, así como a participación activa e, se é o caso, a asistencia ás actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario.

Para aprobar a materia deberán concorrer, de forma acumulativa, as seguintes circunstancias:

1º.- O/a alumno/a deberá obter unha cualificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das dúas probas escritas.

2º.- Que a cualificación obtida polo/a alumno/a por asistencia regular, participación activa e, de ser o caso, polas actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario (20% da cualificación final), sumada ás cualificacións obtidas nas probas escritas (80% da cualificación final), sexa igual ou superior a 5.

2.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado/a conforme aos seguintes criterios **NA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS:**

Exame escrito, que se realizará na data oficial do exame final da segunda oportunidade de exame (80% do valor total da cualificación final) ou 40% no caso de que se conserve a cualificación obtida nalgunha das dúas probas escritas realizadas na primeira edición de actas).

Conservárase tanto a cualificación correspondente á asistencia regular, participación activa na clase e asistencia a outras posibles actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario obtida durante o curso (20% do valor total da cualificación final), como a cualificación de, cando menos, 5 puntos obtida en cada unha das dúas probas escritas (realizadas na primeira edición de actas).

3.- Se o/a alumno/a que se acollera ao sistema de avaliación continua non superase as probas escritas cunha cualificación mínima de 5 sobre 10 **TANTO NA PRIMEIRA COMO NA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS**, verá reflectida na acta a máxima cualificación que podería obter por asistencia regular, participación activa na clase e asistencia a actividades organizadas pola Área de Dereito Financeiro e Tributario (2 puntos).

4.- Alumnos/as acollidos/as ao sistema de avaliación global tanto na **PRIMEIRA COMO NA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS**: a súa cualificación estará integrada polo 100% da cualificación obtida no exame final escrito, que será diferente ao que realice o alumnado de avaliación continua. No exame de avaliación global avaliaráselles todas as competencias.

5.- O exame final tanto da primeira como da segunda oportunidade realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para tal efecto pola Xunta de Facultade para o presente curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

PÉREZ ROYO, F., **Derecho financiero y tributario. Parte General**, Aranzadi, 2025

MERINO JARA, I. (Dir.), **Derecho financiero y tributario Parte general. Lecciones adaptadas al EEES**, Tecnos, 2025

MARTÍN QUERALT, J.; LOZANO SERRANO, C.; TEJERIZO LÓPEZ, J.M.; y CASADO OLLERO, G., **Curso de Derecho financiero y tributario**, Tecnos, 2025

SIMÓN ACOSTA, E. Y OTROS, **CÓDIGO TRIBUTARIO**, Aranzadi, 2025

SIMÓN ACOSTA, E et al, **Lo esencial de Derecho Financiero y Tributario**, Aranzadi, 2018

Complementary Bibliography

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario**, 1ª ed., Marcial Pons, 2010 o posterior

PITA GRANDAL, A. M., **La prueba en el procedimiento de gestión tributaria**, Marcial Pons, 1998

PITA GRANDAL, A.Mª. (Coordinadora), **Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario**, 2ª ed., Tórculo, 2001

FERNÁNDEZ LÓPEZ, R. I., **Comprobación de Hechos por la Inspección de los Tributos**, Marcial Pons, 1998

RUIZ HIDALGO, C., **La responsabilidad tributaria en el alzamiento de bienes**, Marcial Pons, 2009

ANEIROS PEREIRA, J., **Las sanciones tributarias**, Marcial Pons, 2005

MULEIRO PARADA, L. M., **La determinación objetiva: IRPF e IVA**, Marcial Pons, 2009

SIOTA ÁLVAREZ, M., **Analogía e interpretación en el Derecho tributario**, Marcial Pons, 2010

RAMOS PRIETO, J., **Erosión de la base imponible y traslado de beneficios: estudios sobre el Plan BEPS de la OCDE**, Aranzadi, 2016

SESMA SANCHEZ, B., **La nulidad de las liquidaciones tributarias**, Aranzadi, 2017

FERNÁNDEZ LÓPEZ, R. I., **La imprescriptibilidad de las deudas tributarias y la seguridad jurídica**, Marcial Pons, 2017

PITA GRANDAL, A.Mª. (dir.), **Estudios sobre la financiación de los puertos**, Marcial Pons, 2017

CUBERO TRUYO, A. (dir.), **Estudios sobre el decreto-ley como fuente del Derecho Financiero y Tributario**, Aranzadi, 2016

MALVÁREZ PASCUAL, L.A., PITA GRANDAL, A.M. y MARTOS GARCÍA, J.J. (Dir.), **Los modelos de negocio en la era digital. Tratamiento contable y fiscal e implicaciones en el procedimiento tributario y las garantías de los contribuyentes**, Aranzadi, 2023

PITA GRANDAL, A.M., MALVÁREZ PASCUAL, L.A. y RUIZ HIDALGO, C. (Dir.), **La digitalización en los procedimientos tributarios y el intercambio automático de información**, Aranzadi, 2023

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Dereito financeiro e tributario II/V08G211V01702

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito: Teoría do dereito/V08G211V01101

Dereito: Dereito constitucional/V08G211V01201

Dereito mercantil/V08G211V01303

Dereito administrativo/V08G211V01401

IDENTIFYING DATA				
Economía laboral				
Subject	Economía laboral			
Code	V08G211V01505			
Study programme	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	Galego			
Department	Economía aplicada			
Coordinator	Gradín Lago, Carlos Manuel			
Lecturers	Gradín Lago, Carlos Manuel			
E-mail	cgradin@uvigo.gal			
Web	http://https://sites.google.com/view/cgradin			
General description	Examinar desde unha perspectiva económica o funcionamento do mercado de traballo, especialmente a toma de decisións dos seus participantes, o marco institucional e os efectos das políticas públicas, así como os resultados en termos de nivel e distribución do emprego e os salarios.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidad para buscar, analizar y sintetizar información para construir argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidad para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidad para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
B4	Capacidad para el aprendizaje continuo de nuevas tecnologías aplicables al ejercicio profesional
B5	Capacidad para desarrollar su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional
C25	Interpretar el mercado de trabajo y las variables que en él intervienen para tomar decisiones y asesorar en el ámbito del mercado laboral
D4	Capacidad de comportarse de manera ética y con responsabilidad social como ciudadano y como profesional, respetando la diversidad y multiculturalidad

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Que o estudante se familiarice co funcionamento do mercado de traballo, en especial cos principais elementos que determinan o nivel, calidade, e distribución do emprego e dos salarios, así como co papel dos diferentes axentes que interveñen, ou os posibles efectos das políticas públicas e outros cambios no contexto económico.	A2	B1	C25	D4
	A4	B2		
	A5	B3		
		B4		
		B5		

Contidos

Topic	
1. Introducción	A Economía Laboral Elementos do mercado de traballo Perspectiva e métodos Fontes de información Situación laboral e principais agregados
2. A Oferta de Traballo	A demografía As decisións sobre dispoñibilidade para traballar O ciclo vital Cambios na renda O ciclo económico As políticas de rendas A oferta de traballo en España e Europa

3. O Capital Humano	Que é o capital humano? A decisión de estudar máis Efectos da educación e habilidades no mercado de traballo A aprendizaxe informal
4. A Demanda de Traballo	A decisión de contratar Determinantes da demanda A tecnoloxía: automatización e intelixencia artificial
5. A Determinación Conxunta de Emprego e Salarios	Emprego e salarios de equilibrio Os axustes do mercado A relación entre mercados
6. O Desemprego e a Demanda Insatisfeita	Tipos de desemprego e políticas Medidas complementarias de desemprego A demanda insatisfeita
7. A Inmigración e o Mercado de Traballo	Efectos sobre o país receptor Efectos sobre o país emisor A inmigración en España
8. Políticas e Mercado de Traballo	Efectos dos impostos que gravan as rendas salariais Efectos dos subsidios á contratación Efectos do salario mínimo O salario mínimo en España e no mundo
9. O nivel de salarios e a distribución salarial	Desigualdades no mercado de traballo Fontes de información salarial Determinantes dos salarios Medidas de desigualdade salarial Determinantes da desigualdade salarial A desigualdade salarial e de emprego en España
10. A Discriminación no mercado de traballo	Discriminación e segregación laboral Detección e teorías explicativas Causas das disparidades de xénero A penalización por maternidade Políticas contra a discriminación laboral Xénero e mercado de traballo en España

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	42	60	102
Seminario	15	30	45
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia..

Atención personalizada

Methodologies	Description
Seminario	Clases prácticas en grupos reducidos, onde os estudantes traballarán de maneira práctica sobre os contidos do curso, mediante a realización de exercicios.

Avaliación

Description	Qualification	Training and Learning Results
Exame de preguntas obxectivasPrimeiro exame parcial	33.33 A2	B1 B2 C25
Exame de preguntas obxectivasSegundo exame parcial	33.33 A2	B1 B3 C25
Exame de preguntas obxectivasTerceiro exame parcial	33.34 A2	B1 B3 C25

Other comments on the Evaluation

Todas as probas, con independencia do sistema de avaliación aplicable, incluírán tanto teoría como práctica.

1. Os estudantes poderán elixir na **primeira oportunidade** entre os sistemas de avaliación continua e global.

a) A **avaliación continua** consistirá na realización ao longo do curso dunha primeira proba de idoneidade, que debe superarse para continuar en avaliación continua, e de tres **probas parciais**. Nesta modalidade non haberá exame final.

Ao presentarse á segunda proba parcial, o estudante confirma a **elección** deste sistema de avaliación, renunciando expresamente á global.

Para superar a materia será preciso obter un mínimo de **5/10** de media nas tres probas parciais cun mínimo dun **3/10** en cada unha delas.

A nota final dos estudantes que non superen a materia por parciais será a nota media das probas ás que se presentaran, figurando como *Suspense*.

b) A **avaliación global** consistirá unicamente dun **exame final** a realizar na data oficial sinalada no calendario de exames.

2. Na **segunda oportunidade** e en **fin de carreira**, unicamente será posible a avaliación global.

O **calendario oficial** de exames publícase na web da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Borjas, G., **Labor Economics**, 1264201419 / 9781264201419, 9ª, MacGraw-Hill, 2024

Hernández, C. & Carrasco, J., **Ejercicios de Economía Laboral**, 8448198476 / 978-8448198473, McGraw-Hill, 2005

McConnell, C., Brue, S. & Macpherson, D., **Economía Laboral**, 8448156498 / 978-8448156497, 7ª, McGraw-Hill, 2007

McConnell, C., Brue, S. & Macpherson, D., **Contemporary Labor Economics**, 1260243052 / 9781260243055, 12ª, McGraw-Hill, 2021

Complementary Bibliography

Farré, L e J Vall Castelló, **Economía de Género**, 978-84-9961-497-7, 1, Fundación Areces, 2026

IZA World of Labor (<https://wol.iza.org/>),

Rodríguez Hernández, JG, **Economía de la Desigualdad**, 978-84-9961-493-9, 1, Fundación Areces, 2023

The CORE Eco Team (<https://core-econ.org/the-economy/>), **The Economy 2.0**, CORE,

The CORE Eco Team (<https://www.core-econ.org/project/la-economia/>), **La Economía 1.0**, CORE,

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Estatística: Estatística/V08G211V01102

Economía: Economía española/V08G211V01204

Economía: Principios de economía/V08G211V01104

Other comments

A materia impartirase en galego. Os materiais complementarios e a bibliografía tamén poden estar en castelán ou en inglés.

IDENTIFYING DATA				
Dereito sindical II				
Subject	Dereito sindical II			
Code	V08G211V01601			
Study programme	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito público especial			
Coordinator	Rodríguez Rodríguez, Emma			
Lecturers	Cabeza Pereiro, Jaime Rodríguez Rodríguez, Emma			
E-mail	emmarodriguez@uvigo.es			
Web	http:// http://webs. uvigo.es			
General description	O curso oríentase na explicación, asimilación e manexo dos principais conceptos, doutrina e xurisprudencia sobre o Dereito Sindical e o Dereito Colectivo do Traballo			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Capacidad para buscar, analizar y sintetizar información para construir argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional			
B2	Capacidad para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad			
B3	Capacidad para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional			
B4	Capacidad para el aprendizaje continuo de nuevas tecnologías aplicables al ejercicio profesional			
B5	Capacidad para desarrollar su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional			
C11	Conocer e interpretar el marco normativo regulador del derecho colectivo de las relaciones laborales para ser capaz de asesorar a organizaciones sindicales y empresariales y a sus afiliados			
D1	Capacidad de análisis y síntesis para la elaboración y defensa de argumentos, así como, organización, planificación y utilización del tiempo ante situaciones de presión			
D4	Capacidad de comportarse de manera ética y con responsabilidad social como ciudadano y como profesional, respetando la diversidad y multiculturalidad			
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados de la realidad en relación con su significado y relacionarlos con las distintas ramas del ordenamiento jurídico			

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
O alumno/a coñece e estuda o dereito colectivo do traballo con obxecto de realizar funcións de representación e negociación nos diferentes ámbitos das relacións laborais	A2	B1	C11	D1
	A4	B2		D4
	A5	B3		D5
		B4		
		B5		

Contidos

Topic

NEGOCIACIÓN COLECTIVA E CONVENIOS
COLECTIVOS. OUTROS INSTRUMENTOS
NEGOCIAIS

Tema 1.- A negociación colectiva: suxeitos negociadores e ámbitos persoal, funcional, territorial e temporal A lexitimación para negociar. As unidades de negociación. A Comisión consultiva nacional de convenios colectivos. A concorrencia de convenios. Acordos interprofesionais e acordos sobre materias concretas. Duración e sucesión de convenios. A ultraactividade.

Tema 2.- A negociación dos convenios A constitución da comisión negociadora. Solicitude de negociación. Deber de negociar de boa fe. Validez. Forma, rexistro e publicación dos convenios. Adhesión e extensión.

Tema 3.- Os contidos do convenio colectivo. Contido mínimo, Plans de igualdade de outras medidas de igualdade. As comisións paritarias. Outros contidos. Normativo e deber de paz. A inaplicación de convenios. Procedemento, O convenio colectivo como instrumento de xestión empresarial.

A NEGOCIACIÓN DOS CONVENIOS COLECTIVOS
NO SECTOR PRIVADO E NA ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Tema 4.- Os acordos interprofesionais vixentes. Acordos autonómicos. Remisión. Negociación intersectorial. Os Acordos para o Emprego e a Negociación Colectiva.

Tema 5.- A negociación colectiva na Administración Pública. Especialidades da negociación colectiva do persoal laboral ao servizo da Administración Pública. A negociación colectiva do persoal funcionario e estatutario: fundamento constitucional. Os suxeitos negociadores. A estrutura: as mesas de negociación. Contidos. Tramitación. Pactos e acordos.

O CONTROL ADMINISTRATIVO E XUDICIAL DOS
CONVENIOS

Tema 6.- Concepto de ilegalidade e lesividade. As funcións da autoridade laboral. O proceso de oficio. O proceso de impugnación directa de convenios colectivos. A demanda de inaplicación do convenio. A virtualidade das cláusulas de vinculación á totalidade. Doutrina do equilibrio interno do Convenio.

Tema 7.- Outros instrumentos negociais. A negociación colectiva extraestatutaria. Admisibilidade e eficacia. Os acordos de empresa. Os acordos en fase de consultas. Modificación sustancial e mobilidade xeográfica. Inaplicación do convenio. Regulación de emprego temporal e definitiva.

Tema 8.- Plans de igualdade e dereitos LGTBI na negociación colectiva. 1. Marco normativo. 2. Plans de igualdade na negociación colectiva 2.1. Concepto e finalidade. 2.2. Obrigación de negociación. 2.3. Contido mínimo: Diagnóstico previo. Medidas. Sistema de seguimento e avaliación. 2.4. Rexistro e control 3. Igualdade retributiva e negociación colectiva 4. Medidas LGTBI na negociación colectiva. 4.1. Fundamento xurídico. 4.2. Contidos negociables Protocolos contra o acoso LGTBIfóbico. Cláusulas de igualdade e diversidade. 4.3. Integración nos plans de igualdade Enfoque interseccional.

Tema 9.- Conflictos laborales Concepto. Xurídicos e de intereses. Individuais e colectivos. Procedementos de solución. Negociación directa. Conciliacións, mediacións e arbitrazes. Públicos e privados. O procedemento de conflito colectivo. A solución procesal. Conflictos individuais e colectivos.

Tema 10.- Os acordos interprofesionais de solución extraxudicial de conflitos. Especial referencia ao Acordo Galego. O mecanismo de conciliación-mediación. Laudos arbitrais. Fixación de servizos de mantemento Especial referencia ó ASAC.

Tema 11.- O dereito de folga (I). Concepto. A folga na OIT A folga na Constitución. As súas fontes reguladoras. Lexitimación e declaración. Os seus efectos no contrato de traballo e nas relacións de Seguridade Social. Comité de folga. Publicidade e piquetes. Cesamento da folga. Sistemas de solución. Remisión. Poderes gubernamentais de emerxencia.

""Intervencións"" e arbitraje obrigatorio.

Tema 12.- O dereito de folga (II).Servizos esenciais, mínimos e de mantemento. Concepto de servizo esencial. Os servizos mínimos como resposta. Fixación de servizos mínimos. A autoridade gubernativa. Resolución de servizos mínimos. Impugnabilidade. Concreción técnica do empresario. Servizos de mantemento.

Tema 13.- O dereito de folga (III) Folgas ilegais, abusivas e especiais. Folgas ilegais. Políticas, de solidariedade e novatorias. Folgas ilícitas ou abusivas. Con ocupación de dependencias, rotatorias e en sectores estratéxicos. Novas formas de conflito colectivo. Referencia ás folgas de breve duración e intermitentes.

Tema 14.- O peche patronal. A doutrina do Tribunal Constitucional. O peche como poder de policía. Supostos legais. Autoridade laboral. Funcións. Outras medidas de conflito do empresario

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	34	0	34
Estudo de casos	15	14	29
Exame de preguntas obxectivas	2	33	35
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	30	31
Observación sistemática	11	10	21

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos principais da materia obxecto de estudo, as súas bases teóricas e directrices fundamentais, contidos que serán obxecto de avaliación nas diferentes probas desenvolvidas durante o curso.
Estudo de casos	Prantexamento e resolución de casos e supostos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal efecto, o docente propondrá ao alumnado a resolución de feitos, supostos, casos e sentencias, etc. coa finalidade de coñecerlos, interpretalos e, no seu caso, resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os coñecementos teóricos e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Entrevistas, conversacións e aclaración de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estrutura a materia e do proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos	Entrevistas, conversacións e aclaración de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estrutura a materia e do proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Description	Qualification	Training and Learning Results

Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 20% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do examen final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	40	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que incluírá entre 4 e 7 preguntas de desenvolvemento sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 40 % da nota final. Nun obstante, para poder ser avaliado polo sistema de avaliación continua, é preciso acadar como mínimo un 4 sobre 10 nesta proba	40	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5
Observación sistemática	Avaliación continua das clases teóricas e prácticas. As actividades concretas obxecto de avaliación serán especificadas e explicadas polo docente responsable o primeiro día da clase.	20	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5

Other comments on the Evaluation

CONVOCATORIA ORDINARIA MAIO-XUÑO (Sistema de avaliación continua/sistema avaliación final).

DATA EXAMEN: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade

a) Avaliación continua. Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá acreditar asistencia a un 80 % das clases teóricas e prácticas, sen que, salvo casos excepcionais -ej. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, se permita xustificar a ausencia.

En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA AVALIACIÓN DA OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA E NAS PROBAS TIPO TEST-EXAME PREGUNTAS OBXECTIVAS- POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NO EXAME DE PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO, DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MÍNIMA DE 4 SOBRE 10 NESTA ÚLTIMA PROBA. DE NON OBTERSE UN 4, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA AVALIACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, PODENDO CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, NA QUE SE APLICARÁ A MESMA REGRA.

b) Avaliación final. O estudantado que non se acolla ao sistema de avaliación continua ou que renuncie, será avaliado nun examen final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e de carácter práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final, computando o 70% a parte teórica e o 30% a parte práctica).

CONVOCATORIA ORDINARIA XUÑO/XULLO (2ª oportunidade)

DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade

Se o alumnado non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de xaneiro, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xuño-xullo (2ª oportunidade). Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o alumnado terá que someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA:

DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade

Na convocatoria FIN DE CARREIRA o alumno será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico que representará o 100 % da nota final (70% parte teórica e 30% parte práctica).

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

SEMPERE NAVARRO ANTONIO , GALIANA MORENO JESÚS MARÍA, **Legislación Laboral y de Seguridad Social (Dúo)**, Aranzadi, últ. edición

GARCÍA NINET, J. I., (dir.), **MANUAL DE DERECHO SINDICAL**, Atelier, últ. edición

SALA FRANCO, T., **Derecho Sindical**, Tirant lo Blanch, últ. edición

VIDA SORIA, J., MONEREO PÉREZ, J.L., MOLINA NAVARRETE, C. y MORENO VIDA, M^a. N., **MANUAL DE DERECHO SINDICAL**, Comares, últ. edición

BAYLOS GRAU, A., **Sindicalismo y Derecho sindical**, 9ª Ed, Bomarzo, 2022

CABEZA PEREIRO, J., **Las elecciones sindicales**, Bomarzo, 2018

Complementary Bibliography

OJEDA AVILÉS, A., **Compendio de Derecho Sindical**, Tecnos, últ. edición

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Dereito sindical I/V08G211V01502

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito da seguridade social I/V08G211V01402

Dereito da seguridade social II/V08G211V01501

Dereito do traballo II/V08G211V01403

Dereito do traballo I/V08G211V01302

IDENTIFYING DATA				
Regulación administrativa da economía				
Subject	Regulación administrativa da economía			
Code	V08G211V01602			
Study programme	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	2c
Teaching language	Castelán			
Department	Dereito privado Dereito público			
Coordinator	Fernández Acevedo, Rafael			
Lecturers	Fernández Acevedo, Rafael Lareo Jiménez, Jacinto Roa Martínez, Teresa Ruiz Cenicerós, Mauricio			
E-mail	racevedo@uvigo.es			
Web				
General description	Estudo do conxunto dos mecanismos e institucións xurídico-administrativas propias do Dereito da empresa			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para buscar, analizar y sintetizar información para construír argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidade para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidade para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
B5	Capacidade para desarrollar su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional
C4	Conocer de forma sistemática contenidos propios de la regulación administrativa de la economía manejando fuentes positivas, jurisprudenciales y doctrinales
D1	Capacidade de análisis y síntesis para la elaboración y defensa de argumentos, así como, organización, planificación y utilización del tiempo ante situaciones de presión
D3	Capacidade para la toma de decisiones de forma autónoma e independente de liderazgo y capacidade para el trabajo cooperativo en equipo, como habilidades en las relaciones interpersonales que favorezcan la eficacia interpersonal
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados de la realidad en relación con su significado y relacionarlos con las distintas ramas del ordenamiento jurídico

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results		
